Resolución da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional pola que se convoca a X edición do programa educativo Navega con Rumbo dirixido a centros educativos sostidos con fondos públicos dependentes da Consellería de Cultura, Educación e Universidade no curso 2021-2022.

Obxectivo xeral

Favorecer o uso responsable de internet e as redes sociais entre o alumnado, o profesorado e as familias.

Obxectivos específicos

- Contribuír ao desenvolvemento da Estratexia Educación Dixital 2030 promovendo unha navegación segura e responsable.
- Previr o ciberacoso e outros riscos derivados do mal uso de internet e das redes sociais.
- Poñer a disposición da comunidade educativa recursos de interese sobre seguridade na rede, así como ferramentas para o seu uso didáctico na aula.

Alumnado destinatario

Esta convocatoria vai dirixida ao alumnado de 5º e 6º de educación primaria e 1º e 2º de educación secundaria obrigatoria dos centros educativos sostidos con fondos públicos dependentes da Consellería de Cultura, Educación e Universidade.

Descrición do programa

O programa consiste na realización de charlas informativas para alumnado, profesorado e familias nos centros educativos a cargo de especialistas do Colexio Profesional de Enxeñería en Informática de Galicia. Nestas charlas abordaranse os usos positivos da rede e daranse estratexias para previr os posibles riscos.

CVE: vpmSk9L0B9
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

Solicitudes e prazo de presentación

As solicitudes enviaranse ao enderezo electrónico orientacion.vocacional@edu.xunta.gal co seguinte asunto: Solicitude Navega Con Rumbo 2021-2022. Achegarase o documento *Anexo I* como arquivo adxunto.

O prazo de presentación de solicitudes será de 15 días naturais contados a partir da publicación desta convocatoria no portal educativo a través da seguinte ligazón: https://www.edu.xunta.gal/portal/

Selección dos centros

Os centros seleccionaranse segundo a orde de entrada da solicitude no enderezo sinalado, ata un máximo de 240 centros participantes.

Calendario

As accións formativas terán lugar dende a publicación da resolución definitiva ata o 10 de xuño de 2022, concretándose as datas e os horarios entre as persoas coordinadoras de cada centro educativo e as responsables do programa do Colexio Profesional de Enxeñería en Informática de Galicia.

Santiago de Compostela, na data da sinatura dixital.

José Luis Mira Lema

Secretario xeral de Educación e Formación Profesional

Asinado por: MIRA LEMA, JOSE LUIS
Cargo: Secretario Xeral
Data e hora: 17/02/2022 12:41:54

CVE: vpmSk9L0B9
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve